

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CRIADORES DO CABALO DE
PURA RAZA GALEGA**

PURAGA

CAPÍTULO I

Denominación, natureza, enderezo, duración e ámbito de actuación

Art. 1.- A Asociación denominarase “**ASOCIACIÓN DE CRIADORES DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA**” – PURAGA.

Art. 2.- Natureza:

- I. PURAGA é unha asociación sen ánimo de lucro.
- II. PURAGA terá personalidade xurídica plena, e plena capacidade de obrar para actuar en nome propio e en representación dos seus asociados en tódalas cuestións que afecten ás súas actividades profesionais e a defensa dos seus intereses.
- III. PURAGA gozará de autonomía administrativa e patrimonial.
- IV. Poderá promover y asumir los procedimientos que sexan oportunos e exercerlos dereitos e accións que lle correspondan ante calquera Autoridade, Organismo e Xurisdicción.
- V. Poseerá a capacidade necesaria para realiza-los actos e contratos encamiñados ó cumprimento dos seus fins.
- VI. Poderá adherirse, federarse ou asociarse con outras entidades nacionais ou extranxeiras de protección e defensa de razas equinas ou do xénero equus en xeral e poderá participar en todas aquelas que acorde a Xunta Directiva, sin prexuízo de que sexa ratificado posteriormente pola Asamblea Xeral.

Art. 3.- O enderezo social de PURAGA será Viveiró, 27837 – Muras, Lugo.

Art. 4.- PURAGA constitúese por tempo indefinido, sen prexuízo de que poda producirse a súa disolución.

Art. 5.- PURAGA terá o seu ámbito de actuación en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
Dirección Xeral de Relacións Laborais
SANTIAGO DE COMPOSTELA
PRESENTACIÓN

FOLIO 1

Hora..... Día 3 Mes 12 Ano 08 De 17

CAPÍTULO II

Fins

Art. 6.- PURAGA constitúese co fin principal de velar pola preservación, conservación, recuperación, promoción, fomento e mellora do Cabalo de Pura Raza Galega e defenderá así mesmo os intereses dos seus asociados.

Con este obxectivo PURAGA procurará:

- a) A protección do Cabalo de Pura Raza Galega.
- b) Integrar a tódolos criadores e propietarios de Cabalos de Pura Raza Galega, interesados na súa conservación, fomento e mellora. A tal fin poderá concertar coa Administración Pública auxilios técnicos, económicos, exencións e as bonificacións que procedan.
- c) Representación, defensa e promoción dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais dos seus afiliados.
- d) Fomentar a solidariedade dos seus afiliados, promocionando e creando servizos comúns de natureza asistencial.
- e) Tutelar e participar activamente no Programa de Conservación, Preservación, Recuperación, Escolma, Mellora e Fomento do Cabalo de Pura Raza Galega.
- f) A xestión do Libro Xenealóxico do Cabalo de Pura Raza Galega.
- g) Protexer e promocionar estudos de aspectos vinculados ó Cabalo de Pura Raza Galega para a definición de criterios zootécnicos que se consideren convintes e solicitar das Administracións as regulacións de aqueles aspectos que pola súa competencia lles correspondan.
- h) Prestar axuda e asesorar á Administración Pública Galega ou calquera outra institución pública en temas relacionados coa conservación e recuperación de razas equinas e coa cría cabalar en xeral.
- i) Levar a cabo campañas de concienciación pública da protección animal e dos équidos en particular.
- j) Prestar servizo e asesoramento técnico a tódalas institucións e asociacións con intereses comúns que o soliciten.
- k) Ter como obxectivo acadalo estado de entidade colaboradora coa Administración Autonómica e outras administracións públicas.
- l) Establecer convenios e acordos de colaboración con entidades públicas e privadas co obxectivo da potenciación do Cabalo de pura Raza Galega e a hípica en xeral.
- m) A elevación do nivel sanitario e zootécnico das explotacións equinas integrantes da Asociación, mediante o establecemento e execución de programas de profilaxes, loita contra enfermidades e mellora das condicións hixiénicas, que permitan mellora-lo nivel productivo e sanitario dos seus produtos, todo elo ó abeiro do Real decreto 1880/1996 e os Decretos 91/2001 e 245/2002, da Comunidade Autónoma de Galicia.
- n) Organizar reunións científicas, culturais ou de promoción do Cabalo de Pura Raza Galega e das razas equinas en xeral, e difundilas súas actuacións a través das canles que se consideren máis axeitadas.
- o) Calquera outro fin que se considere necesario para os intereses da Asociación e dos seus asociados.

asociados GALICIA
 Dirección Xeral de Relacións Laborais
 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 PRESENTACION

Folio 2

Hora..... Día 3 Mes 12 Ano 08 De 17

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CRIADORES DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA

CAPÍTULO III**Órganos de representación, gobierno e administración**

Art. 7.- Os órganos de representación, gobierno e administración de **PURAGA** son: o Presidente, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Sección 1ª**DA ASAMBLEA XERAL**

Art. 8.- A Asamblea Xeral é o órgano superior de decisión e de goberno de PURAGA e está integrada por tódolos asociados e os seus acordos adoptaranse democraticamente. A Asamblea Xeral estará presidida polo Presidente da Xunta Directiva ou en caso de ausencia deste polo Vicepresidente.

Art. 9.- A Asamblea Xeral poderá ser convocada en sesións ordinarias e extraordinarias.


Art. 10.- A Asamblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria unha vez ó ano dentro do primeiro trimestre do ano.

Art. 11.- A Asamblea Xeral reunirse en sesión extraordinaria sempre que fora necesario, cando o estime a Xunta Directiva ou se solicite a celebración da mesma por escrito e alomenos por un 20% de socios. Dita solicitude estará firmada por tódolos solicitantes con indicación de apelidos, nome e DNI, facendo consta-los motivos da convocatoria debidamente razonados.

Art. 12.- A convocatoria das Assembleas, tanto Ordinaria como Extraordinaria, corresponde ó Presidente da Xunta Directiva, debendo dirixirse por escrito, a través do Secretario, a cada asociado coa Orde do Día correspondente e alomenos counha antelación de quince días naturais á celebración da Asamblea, na convocatoria expresarase lugar, data e hora na que terá lugar a celebración en primeira e segunda convocatoria.

Art. 13.- A Asamblea Xeral, tanto Ordinaria como Extraordinaria, quedará validamente constituída cando en primeira convocatoria concurran presentes ou debidamente representados a metade máis un dos asociados, e en segunda convocatoria calquiera que sexa o número de socios presentes. Entre a primeira e a segunda convocatoria mediará un prazo de 30 minutos.

Art. 14.- A Asamblea Xeral Ordinaria será presidida e moderada por unha mesa constituída polo Presidente, o Secretario e alomenos dúas vocales da Xunta Directiva. Cando por calquera motivo non sexa posible constituí-la mesa na forma establecida, formarase co membro de maior idade e o máis xoven de entre os asociados presentes na reunión. Este último



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CRIADORES DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA

realizará as funciónes de Secretario para esta ocasión no supuesto de ausencia do de PURAGA. O secretario suplente levantará acta da Asamblea, a cal firmarán tódolos compoñentes da mesa. A Asamblea Xeral Extraordinaria nunca se podrá celebrar sen a presenza do Presidente de PURAGA, que en todo caso a dirixirá.

Art. 15.- As reunións da Asamblea Xeral darán comenzo coa lectura polo Secretario da acta da reunión anterior. Posteriormente tomará a palabra o Presidente que someterá dita acta á votación pola Asamblea. Seguidamente o Presidente, ou a persona que este designe, exporá e desenvolverá o resto dos puntos da orde do día, someténdoo logo á consideración e voto da Asamblea.

Art. 16.- En cada Asamblea Xeral o Secretario, ou quen faga as súas funcións na reunión, levantará acta na que se farán consta-los acordos adoptados, os resultados das votacións e as intervencións dos socios que deseen que conste en acta. A acta así redactada será transcrita no libro oficial de actas de PURAGA e asinada ó efecto polo Presidente e o Secretario da Xunta Directiva ou polas personas que actuasen como Presidente e Secretario na correspondente sesión.

Art. 17.- Os acordos da Asamblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos votos dos asistentes.

Art. 18.- Exceptúanse do artigo anterior os acordos relativos á disposición ou enaxenación dos bens, nombramento da Xunta Directiva, modificación dos Estatutos, disolución da asociación, votación de expedientes disciplinarios e adquisición de bens cuio importe supere o dez por cento do patrimonio da Asociación, para os cales será preciso o voto favorable de alomenos dous tercios dos asociados.

Art. 19.- Os acordos da Asamblea Xeral podrán ser impugnados ante a Xurisdicción competente.

Art. 20.- Son competencias da Asamblea Xeral Ordinaria as seguintes:

- a) Recibir informe sobre a memoria, liquidación do orzamento, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación dos mesmos, se procede.
- b) Recibir informe e aprobación no seu caso do orzamento para o exercicio seguinte.
- c) Ser informada dos proxectos e propostas da Xunta Directiva.
- d) Estudiar e aprobar, no seu caso, as proposicións que formulen os socios e que deberán ir firmadas alomenos, polo vinte por cento dos mesmos, ou ser avaladas polo Presidente.
- e) Formular rogos e preguntas.

Art. 21.- Son competencia de la Asamblea Xeral Extraordinaria:

- a) A modificación dos Estatutos.
- b) A elección e cese dos membros da Xunta Directiva
- c) A constitución ou integración de PURAGA en Federacións.
- d) A expulsión de asociados, sen prexuízo das competencias que para a instrucción do expediente disciplinario correspondan á Xunta Directiva.



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CRIADORES DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA

Folio 4

- e) A aprobación da enaxenación de bens, tomar diñeiro a préstamo, emisión de títulos representativos de deuda ou de parte alícuota patrimonial.
- f) Fixación das cuotas dos socios.
- g) A ratificación dos acordos que se adopten polas Federaciones e Asociacións nas que está integrada PURAGA.
- h) A aceptación de donacións cuido importe supere os 3.000 euros.
- i) A aprobación de cuestaciones e outros actos encamiñados a obter fondos.
- j) A aprobación da apertura de Delegacións de PURAGA.
- k) A disolución de PURAGA.
- l) Conocer dos recursos que se interpoñan contra os acordos adoptados pola Xunta Directiva, na forma establecida no Capítulo correspondente de estes estatutos e, no seu caso, demáis normas de desenvolvemento.
- m) Calesqueira outra que propoña o Presidente na orde do día.

Sección 2ª

A XUNTA DIRECTIVA

Art. 22.- A xunta directiva é o órgano reitor de PURAGA. A súa actuación estará supeditada á lei, os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados pola asemblea xeral.

Art. 23.- A xunta directiva estará integrada polos seguintes cargos:

Presidente
Vicepresidente
Secretario
Tesoureiro
4 Vogais

Art. 24.- Os cargos serán elixidos por un período de catro anos. O mandato dos cargos é renovable e poderán ser elixidos tantas veces como se presenten á reelección, así como para calquera outro cargo da xunta.

Art. 25.- Os cargos sociais non serán en ningún momento retribuídos, percibindo unicamente e previo acordo, os gastos derivados da función social.

Art. 26.- A xunta directiva será nomeada polo presidente de entre os membros do seu equipo, de acordo co establecido nestes estatutos.

Art. 27.- O presidente da xunta directiva e, no seu defecto, aqueles outros membros en quen delegue o presidente por escrito, ostentarán a representación legal de PURAGA, actuarán en nome de PURAGA e estarán obrigados a executar os acordos validamente adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral.





PURAGA

Art. 28.- Corresponderán á xunta directiva as seguintes atribucións:

- a) Dirixir as actuacións desta asociación e executar os acordos da asemblea xeral.
- b) Manter a orde e a disciplina na asociación, así como nas actividades que se organicen.
- c) Convocar, por medio do seu presidente, a xunta directiva e a asemblea xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións desta.
- d) Elaborar e someter á asemblea xeral os orzamentos anuais da asociación.
- e) Elaborar e someter á asemblea xeral a memoria de contas e xestión.
- f) Coñecer as solicitudes de ingreso de novos asociados e resolver a súa admisión.
- g) Convocar a asemblea xeral en sesións tanto ordinarias como extraordinarias nos termos previstos nestes estatutos.
- h) Elaborar a orde do día das reunións da asemblea xeral.
- i) Convocar eleccións á xunta directiva.
- j) Crear comisións e grupos de traballo.
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se incoen.
- l) Formular inventario e balance anual, así como redactar a memoria anual da asociación e, en xeral, aplicar todas as medidas económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento das actividades que fosen aprobadas na xunta.
- m) Aquelas que non veñan expresamente atribuídas á asemblea xeral.

Art. 29.- Os membros da xunta directiva deberán gozar da condición de socios e estar ao corrente no pagamento das cotas. Non poderán ser membros da xunta directiva aqueles que fosen sancionados pola comisión de faltas moi graves ou graves ata que non se atopen rehabilitados. Para ser presidente da asociación será requisito ser membro fundador ou ter unha antigüidade na asociación de polo menos dous anos.

Art. 30.- A xunta directiva será convocada polo seu presidente con dous días de antelación, como mínimo, á data da celebración.

Art. 31.- A xunta directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non mediase convocatoria previa, sempre que exista delegación expresa do presidente ou se producise o seu falecemento.

Art. 32.- Eleccións á xunta directiva.

1. Os membros da xunta directiva terán que ser elixidos pola asemblea xeral extraordinaria, convocada pola xunta directiva saínte con, polo menos, tres meses de antelación á expiración do seu mandato.
2. No mesmo acordo polo que se convoque a asemblea xeral extraordinaria, a xunta directiva saínte declarará constituída a comisión electoral, que estará integrada polo asociado máis novo, polo de maior idade e polo máis antigo e que terá como función velar pola limpeza das eleccións e resolver cantas cuestións lle sexan presentadas.



PURAGA

3. Dentro dos trinta días seguintes á resolución na que se acorde convocar a asemblea xeral extraordinaria, os asociados que reúnan os requisitos establecidos nestes estatutos poderán presentarse como candidatos. As candidaturas estarán integradas por un mínimo de doce asociados, dos cales o que figura en primeiro termo será o presidente, os tres últimos irán como suplentes e o resto dos cargos será decisión do candidato a presidente máis votado determinar a quen corresponde dentro da súa candidatura. As candidaturas presentaranse por escrito ante a xunta directiva e conterán o nome e apelido dos candidatos. Os asociados soamente poderán figurar simultaneamente nunha candidatura.
4. Dentro dos tres días seguintes ao remate do prazo indicado no apartado anterior, a xunta directiva declarará cerrado o período de presentación de candidaturas e acordará publicar no taboleiro de anuncios de PURAGA as que se presentarán para que, quen tivera interese niso, no termo de cinco días alegue o que estime conveniente sobre a idoneidade dos candidatos. As alegacións soamente poderán fundarse no incumprimento polos candidatos dos requisitos establecidos nestes estatutos.
5. Transcorrido o dito prazo resolverase pola xunta directiva, nos dous días seguintes e sen ulterior recurso, cantas alegacións se formularsen.
6. Cando non se presenten alegacións ou as presentadas sexan desestimadas, a xunta directiva aprobará as candidaturas e declarará aberta a campaña electoral que se estenderá ata o día anterior ao da celebración da sesión extraordinaria da asemblea xeral.
7. Durante a campaña electoral os candidatos poderán expoñer e difundir os seus programas de xestión entre os asociados. Se se admitira algunha ou algunhas das alegacións presentadas, a xunta directiva acordará afastar das eleccións aos candidatos afectados substituíndoos polos que aparezan como suplentes na candidatura pola daqueles que se presenten e na orde na que estes se encontren e mandará publicar no taboleiro de anuncios a nova candidatura.
8. No caso de afastarse das eleccións o candidato que ocupe o número un da candidatura suporá automaticamente a retirada da citada candidatura, pero esta poderá presentarse novamente cun novo candidato no prazo de resolución do recurso establecido no parágrafo seguinte.
9. Aos candidatos afectados pola resolución notificaráselles esta persoalmente e poderán recorrerla no prazo de dous días seguintes ao da súa notificación, ante a comisión electoral que resolverá dentro dos dous días seguintes á interposición do recurso. A interposición deste recurso deixará en suspenso o acordo da xunta directiva durante o prazo de resolución, de non producirse esta, continuarase co proceso electoral levantándose a suspensión, sendo responsables da súa incautación os membros da comisión electoral.



PURAGA

[Handwritten scribbles in blue ink]

10. Se transcrido o período ao que se refire o punto 3 deste artigo non se tivese presentado ningunha candidatura, ou as presentadas se retirasen, acordarase pola xunta directiva saínte a apertura dun novo período de 10 días, rematado o cal seguiranse os trámites establecidos no apartado anterior.
 11. Se neste segundo período, ao que se refire o apartado anterior, tampouco se presentase ningunha candidatura, prorrogarase o mandato da xunta directiva saínte por seis meses, esgotados os cales convocarase eleccións de acordo co establecido nos parágrafos anteriores.
 12. Se tampouco nesta segunda convocatoria se presentasen candidaturas, convocarase a asemblea xeral extraordinaria e poderán ser elixidos todos os asociados. A xunta directiva formarase polos nove asociados máis votados. Destes será elixido presidente o que máis votos tivese e será este quen designe, entre os outros oito máis votados, ao vicepresidente, ao secretario e ao tesoureiro. En caso de empate será presidente o de maior idade.
 13. O día da celebración da asemblea xeral extraordinaria a xunta directiva proporcionará aos asociados que concorran as papeletas nas que figuren as distintas candidaturas que se presenten ás eleccións.
 14. As papeletas depositaranse nunha urna. O voto será secreto e cada asociado soamente poderá votar unha candidatura.
 15. Finalizada a elección farase reconto das papeletas e proclamarase a candidatura vencedora, facéndose constar na acta que levante o secretario, o número de votos obtidos por cada unha das candidaturas que se presentasen ás eleccións. A acta será asinada por todos os que formen a mesa, de acordo co disposto nestes estatutos en relación á constitución da asemblea xeral.
- Art. 33.-** As vacantes que puidesen producirse na xunta directiva durante o seu mandato serán cubertas polos suplentes da candidatura que obtivesen maior número de votos e pola orde na que naquela aparezan. Cando se dean as circunstancias previstas no punto 12 do artigo 32, consideraranse suplentes aos tres asociados que sigan en número de votos ao último vogal elixido.
- Art. 34.-** Cando, malia o disposto no apartado anterior, a xunta directiva quedase con menos de seis membros, convocará eleccións con amaño ao disposto neste artigo.
- Art. 35.-** A xunta directiva adoptará os seus acordos polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. No caso de empate, decide con voto de calidade o presidente.
- Art. 36.-** O presidente.



1. O presidente ostenta a representación legal de PURAGA, actúa no seu nome e executará os acordos que adopten tanto a asemblea xeral como a xunta directiva. Participará nas reunións da asemblea xeral na forma determinada nestes estatutos. Tamén participará, presidíndoas, con voz e voto, nas reunións da xunta directiva.
2. Atribúenselle ao presidente todas aquelas funcións que non veñan expresamente atribuídas nos estatutos a outro membro da xunta directiva, entre elas, a de cubrir as vacantes que se produzan entre os seus membros na forma establecida nestes estatutos.
3. En caso de enfermidade grave, falecemento ou sempre que o considere oportuno, poderá delegar a representación, a súas atribucións, dereitos e obrigas por escrito no membro da xunta directiva que considere máis axeitado.

Art. 37.- O vicepresidente.

1. O vicepresidente deberá substituír ao presidente no caso de ausencia, vacante, enfermidade ou falecemento, coas mesmas facultades ca el. Tamén actuará en todas as funcións que lle sexan delegadas polo presidente ou a xunta directiva.

Art. 38.- O tesoureiro.

1. O tesoureiro asistirá ás reunións da xunta directiva con voz e voto, terá encomendada a xestión económica da asociación con escrupuloso respecto aos orzamentos anuais aprobados pola asemblea xeral. Será o encargado de recadar as cotas, será o depositario da asociación, asinará os recibos e autorizará, coa orde do presidente, os pagamentos e levará os libros de contabilidade de acordo coa lexislación vixente.
2. Será obriga do tesoureiro formalizar durante o primeiro mes de cada ano, un balance da situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñerán en coñecemento de todos os asociados.
3. As contas correntes, así como os demais depósitos bancarios da asociación, deben ser abertos polo presidente e polo tesoureiro, e será necesaria a sinatura de ambos para dispor dos seus saldos.
4. Cando o tesoureiro se encontre impedido para desempeñar as súas funcións nomearase entre os vogais a un que o substitúa.

Art. 39.- O secretario.

1. O secretario da xunta directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da asociación e levará o libro de rexistro de asociados e o libro de actas.
2. Terá, ademais, as seguintes funcións:
 - i. Levantar acta das reunións da xunta directiva.
 - ii. Levantar acta das reunións ordinarias e das extraordinarias da asemblea.
 - iii. Recibir as solicitudes de ingreso de novos asociados e someter á xunta directiva a súa aprobación.



- iv. Na levanza do libro de asociados deberá facer constar nome, apelidos, profesión e enderezo, con especificación daqueles que exerzan na asociación cargos de administración, goberno ou representación. O libro de rexistro de asociados expresará tamén as datas das altas e baixas e as tomas de posesión e cesamento nos referidos cargos.
 - v. Así mesmo, consignará os asociados que fosen sancionados e a sanción que lles fose imposta, facendo constar a data de incoación do expediente sancionador e a resolución firme pola que se lles impuxo. Transcorridos os prazos aos que se refire este estatuto poñerá xunto aos datos anteriores a expresión cancelada, asinando a continuación.
 - vi. Na levanza dos libros de actas consignará as reunións celebradas pola asemblea xeral e a xunta directiva, con expresión da data, asistentes a estas, asuntos tratados e acordos adoptados. As actas serán subscrias polas persoas ás que se refiren estes estatutos, e en todo caso, polo presidente e o secretario. As actas das reunións das xuntas directivas serán subscrias por todos os membros presentes.
 - vii. Certificar e remitir aos asociados e aos organismos competentes, que o soliciten, copia das actas das reunións e dos acordos nelas adoptados pola asemblea xeral ou pola xunta directiva.
 - viii. Remitir á administración competente a documentación legalmente esixida.
 - ix. Dirixir a elaboración da memoria anual de xestión que, previa aprobación da xunta directiva, deberá ser sometida á asemblea xeral ordinaria.
 - x. Elaborar os modelos de impresos para a solicitude de ingreso na asociación, as papeletas para as eleccións ou aqueles outros que a xunta directiva ou o propio secretario estimen procedentes.
3. Cando o secretario se encontre impedido para desempeñar as súas funcións o presidente nomeará entre os vogais un que o substitúa.

Art. 40.- Os vogais, que asistirán ás reunións da xunta directiva con voz e voto, terán as funcións que se determinen polo presidente.

Art. 41.- A xunta directiva reunirse sempre que a convoque o presidente, por propia iniciativa ou a instancia de dous dos seus membros. En calquera caso, a xunta directiva deberá reunirse como mínimo unha vez cada trimestre. Para que a xunta directiva se encontre validamente constituída será necesario que asistan á reunión, ademais do presidente e o secretario, ou, no seu caso, quen fagan as súas veces, outros tres membros desta.

Art. 42.- Son causas de cesamento dos órganos de goberno:

- a) Falecemento da persoa elixida.
- b) Sanción disciplinaria, nos termos recollidos no expediente tramitado.
- c) Renuncia manifestada por escrito.
- d) Cumprimento do prazo para o que foi elixido.

Nos supostos c) e d) o cesamento efectivo nunca poderá ser anterior ao efectivo traspaso de poderes que traia consecuencia dunha elección nos termos establecidos nestes estatutos, e será necesario facer previa entrega da documentación de PURAGA.

CAPÍTULO IV

Os socios: clases, admisión, dereitos e obrigas

Art. 43.- Os socios de PURAGA poderán ser:

- a) Socio fundador.
- b) Socio numerario.
- c) Socio novo.
- d) Socio protector.
- e) Socio honorario.



Para ser socio fundador, numerario ou novo, será condición indispensable ser propietario dun exemplar equino de Pura Raza Galega, ou ser o Presidente ou o representante legal dunha entidade xurídica, calquera que sexa a súa forma asociativa, alomenos propietaria dun exemplar equino de Pura Raza Galega.

A Asamblea xeral poderá decidir o número de votos que poderá exercer, na toma de decisións, cada socio en función do número de exemplares dos que é propietario. Entretanto non se tome esta decisión a relación será un socio un voto.

SOCIO FUNDADOR

Será toda aquela persoa física que teña fundado PURAGA coa sinatura da acta constitucional, terá voz e voto nas asembleas e poderá ser elixido para a xunta directiva.

SOCIO NUMERARIO

Será toda aquela persoa física, maior de idade, con plena capacidade de obrar, que curse a correspondente solicitude. Terá voz e voto nas asembleas e poderá ser elixido para a xunta directiva.

SOCIO NOVO

Será toda aquela persoa física, menor de idade, que curse a correspondente solicitude que deberá ser asinada polo titor ou persoa que ostente a patria potestade como autorización para a integración do menor en PURAGA. Terá voz aínda que non voto nas asembleas e non poderá ser elixido para a xunta directiva.

XUNTA DE GALICIA Dirección Xeral de Relacións Laborais	
COMPOSTELA	
TACIÓN	
Folio 12	PURAGA
De 17	
Día 12 Mes 08	

SOCIO PROTECTOR

Será toda aquela persoa física ou xurídica, que curse a correspondente solicitude e que colabore de forma clara e continuada coa consecución destes obxectivos. Os ditos socios ou os seus representantes non poderán ocupar cargos en PURAGA, podendo ter voz aínda que non voto nas asembleas e non poderán ser elixidos para a xunta directiva.

SOCIO HONORARIO

Será toda aquela persoa física ou xurídica que polas súas peculiares características pode apoiar os fins e obxectivos de PURAGA. Será proposto pola xunta directiva e aprobado pola asemblea xeral. Non terá nin voz nin voto nas asembleas e non poderá ser elixido para a xunta directiva.

Art. 44.- A solicitude de asociación para PURAGA conterá como mínimo: a data desta, o nome e apelidos do solicitante, o enderezo, o DNI/NIF/CIF, no caso de persoas xurídicas os datos relativos ao seu representante, os motivos polos que desexa integrarse en PURAGA e unha declaración de que coñece os estatutos e se compromete a respectalos xunto cos acordos validamente adoptados polos órganos directivos de PURAGA.

Art. 45.- O número de socios será ilimitado.

Art. 46.- As solicitudes de admisión de novos socios serán estudadas pola xunta directiva como asunto de trámite.

Art. 47.- Causarán baixa en PURAGA:

- Quen o soliciten voluntariamente mediante escrito dirixido á xunta directiva.
- Os que non cumbran cos seus deberes sociais e coas obrigas establecidas nestes estatutos.
- Por falecemento.
- Por acordo da xunta directiva poderán ser separados de PURAGA os membros que creen descrédito ou prexuízo a esta, que incumbran de forma grave e reiterada as normas estatutarias ou regulamentarias ou deixen de aboar o pagamento das súas cotas sociais que se establezan para o mantemento de PURAGA, sempre que os correspondentes recibos se puxesen ao cobro.

O expediente de expulsión dun socio poderá iniciarse por iniciativa da xunta directiva ou a petición doutro socio. A resolución será comunicada ao interesado xunto co prego de cargos. O interesado terá un prazo de 30 días, a partir da notificación, para presentar o correspondente prego de descargo. Á vista de ambos, a xunta directiva resolverá o que estime conveniente, previo intento de acordo. Contra a resolución da xunta directiva, poderá apelarse ante a asemblea xeral ordinaria seguinte.

Art. 48.- Poderán formar parte da xunta directiva os socios fundadores e numerarios, cunha antigüidade mínima de dous anos, e que estean ao corrente do pagamento das cotas sociais.

Art. 49.- Son dereitos do socio:

- a) Contribuír ao cumprimento do obxectivo da asociación.
- b) E sibir o cumprimento dos estatutos e das normas vixentes.
- c) Coñecer e examinar as actividades e documentos da asociación.
- d) Separarse libremente da asociación.
- e) Aceptar e cumprir as normas establecidas nos presentes estatutos.
- f) Ser nomeado membro da xunta directiva na forma e requisitos establecidos nos presentes estatutos.
- g) Expresar libremente as súas propostas e ideas nos debates da asemblea xeral.
- h) Ser informado dos bens da asociación así como da súa administración.
- i) Todos os socios terán dereito a gozar dos servizos e instalacións sociais de PURAGA, nos termos establecidos, no seu caso, na normativa que regule a súa utilización.

Art. 50.- Son obrigas dos socios:

- a) Aboar as cotas determinadas pola asemblea xeral necesarias para o mantemento de PURAGA.
- b) Respe ctar os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos directivos de PURAGA.
- c) Contribuír ao sostemento e difusión das actividades e fins de PURAGA.
- d) Acatar cantas disposicións dite a asemblea xeral, a xunta directiva ou os membros destas, para o bo goberno de PURAGA.
- e) Asistir ás asembleas xerais e a cantos actos e concentracións sexan convocados por PURAGA.


CAPÍTULO V

Réxime económico

Art. 51.- PURAGA constitúese sen patrimonio fundacional.

Art. 52.- Os recursos de PURAGA para o cumprimento dos seus obxectivos e fins serán:

- a) As cotas dos asociados, ordinarias ou extraordinarias.
- b) Os donativos ou achegas voluntarias que reciba.
- c) As cotas voluntarias que acheguen os socios para o cumprimento dos fins sociais.



PURAGA

- d) As subvencións, axudas ou auxilios que reciba da administración do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia, de administracións provinciais ou municipais, así como as que lle concedan outras institucións de carácter público ou privado.
- e) Os ingresos procedentes da prestación de servizos.
- f) Venda de publicacións ou calquera outra permitida pola lei.

Art. 53.- As cotas obrigatorias estableceranse en asemblea xeral, á proposta da xunta directiva, non sendo reintegrables en ningún caso e dedicándose a atender as necesidades de PURAGA.

Art. 54.- PURAGA poderá contraer obrigas de crédito, previo acordo da asemblea xeral, con entidades de crédito ou organismos estatais.

Art. 55.- A responsabilidade de PURAGA, para todos os efectos e especialmente nas súas relacións con terceiros por razón das operacións con eles concertadas, quedará limitada ao importe que en cada momento constitúa o activo de PURAGA.

En todo caso e como ampliación do incluído no parágrafo precedente, poderán utilizarse tamén as garantías suplementarias que expresamente se tivesen convido mediante acordo da asemblea xeral.

A responsabilidade dos socios polas operacións sociais da entidade, limitarase ao valor das garantías suplementarias que tivese especificamente comprometido ou ás que estivesen obrigados conforme aos presentes estatutos e aos acordos validamente adoptados.

Art. 56.- Os documentos xustificativos dos movementos económicos estarán sempre a disposición dos socios que desexen examinalos, despois de ser aprobadas as contas anuais correspondentes pola xunta directiva.

Art. 57.- O funcionamento económico de PURAGA regularase e axustarase anualmente mediante o oportuno orzamento de gastos e ingresos, redactado pola xunta directiva e sometido á aprobación da asemblea xeral. Os exercicios económicos coincidirán co ano natural.

CAPÍTULO VI

Réxime administrativo

Art. 58.- PURAGA disporá dos seguintes libros oficiais para o seu oportuno emprego:

- a) Libro de rexistro xeral de socios.
- b) Libro de actas da asemblea xeral.
- c) Libro de actas da xunta directiva.
- d) Aqueles que a lexislación sinala en materia de contabilidade.

XUNTA DE GALICIA
Dirección Xeral de Relacións

DE GALICIA - OBRAS PÚBLICAS
SERVIZO DE RELACIONES LABORAIS E REPRESENTACIÓN

Mes 12 Ano 08 De 17

Folio 15

PURAGA

CAPÍTULO VII

Réxime xurídico

- Art. 59.-** PURAGA, creada por tempo indefinido, rexerá de acordo cos principios democráticos contidos no marco da Constitución, pola Lei 19/1977, do 1 de abril, sobre regulación do dereito de asociación sindical, e do Real decreto 873/1977, de 22 de abril, sobre depósito dos estatutos das organizacións constituídas ó abeiro da Lei 19/1977, e polas demais legislacións existentes na materia de asociación que lle sexa aplicable. Rexerá así mesmo polos presentes estatutos, que constitúen a norma xurídica de obrigada observancia con valor de pacto social polo que se rexerán todas as relacións dos asociados con PURAGA. Non serán válidos e consideraranse nulos os acordos dos órganos de goberno de PURAGA que estivesen en contradición coas prescricións dos presentes estatutos.
- Art. 60.-** A interpretación dos presentes estatutos correspóndelle á xunta directiva. En caso de producirse discrepancias ou reclamacións, compete, en última instancia á asemblea xeral, a resolución que proceda.
- Art. 61.-** Para as sancións que houbese de aplicárselles aos socios, de conformidade cos presentes estatutos, esixirase incoación de expediente, do que haberá de ser instrutor o asesor xurídico de PURAGA, se o houbese, ou, no seu defecto, o membro da xunta directiva que sexa elixido en votación secreta pola dita xunta.

CAPÍTULO VIII

Modificación de estatutos

- Art. 62.-** Os presentes estatutos soamente poderán ser modificados en asemblea xeral extraordinaria convocada para tal fin coa solicitude do 20% dos socios ou á proposta da xunta directiva.

CAPÍTULO IX

Disolución

- Art. 63.-** A disolución de PURAGA soamente poderá ser acordada en asemblea xeral extraordinaria convocada para tal fin cos prazos e requisitos que se establecen para a celebración desta nos presentes estatutos.
- Art. 64.-** PURAGA poderá disolverse polas seguintes causas:

- a) Pola vontade dos seus asociados.
- b) Polas causas previstas na lexislación vixente.
- c) Por resolución xudicial.

Art. 65.- No caso de ser aprobada a disolución de PURAGA nomearase unha comisión liquidadora composta pola xunta directiva e tres socios numerarios que se encargarán de liquidar as contas pendentes se as houbese.

O sobrante da liquidación en contas, se o houbese, será entregado a aquelas asociacións ou institucións entre cuxos obxectivos figure a protección equina ou de calquera especie animal e que mereza a axeitada confianza de PURAGA, cuestión que compete á xunta directiva.

DISPOSICIÓN FINAIS

Art. 66.- Os presentes estatutos, que constan de 66 artigos e 17 páxinas, corresponden aos aprobados por unanimidade na reunión constitutiva celebrada en Muras (Lugo) o 31 de outubro de 2005. E para que así conste, asinan ao pé e en cada páxina os membros da xunta constitutiva.



Sinaturas do acordo da modificación de Estatutos en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en segunda convocatoria o Sábado 29 de novembro de 2008 na Sala de Reunións da Casa do Concello de Muras en Lugo.



Agapito Rodríguez Rodríguez
Secretario de Puraga



Visto e prace,
Rosario Celia Rey López
Presidenta de Puraga

